



R ofrecerá a retransmisión dos Xogos Olímpicos a través de Eurosport

Os/as clientes de Ocio e Total TV de R poderán gozar sen custo adicional dos Xogos Olímpicos de París 2024, que se celebrarán do 26 de xullo ao 11 de agosto na capital francesa.

Xoves, 6 de xuño de 2024.- Da man de *Agile Content* chegouse a un acordo con Warner Bros. Discovery para ofrecerlles sen custo adicional aos/ás clientes/as de Ocio e Total TV de R, os Xogos Olímpicos de París 2024, grazas á **ampla cobertura que realizará Eurosport** na maior cita deportiva do ano. Para gozar de tan destacado evento, imprescindible para todos/as os/as afeccionados/as ao deporte, habilitaranse novas canles de Eurosport.

Cómpre sinalar que nestes Xogos Olímpicos se poderá gozar de ata 32 deportes, con máis de 10.000 atletas de máis de 200 nacións que participarán en 306 probas con medallas. E todo iso estará dispoñible, durante as máis de dúas semanas nas que se disputan as olimpíadas, para os/as clientes/as do servizo de televisión Ocio e Total de R sen custo adicional.

Por outra banda, para acceder coa máxima calidade de imaxe e son ás máis destacadas competicións, **durante a cita olímpica manterase a canle Eurosport 4K**, a través da cal se emiten actualmente os partidos de Roland-Garros que se disputan na pista central Phillippe-Chatrier. Esta canle de ultra alta definición permite gozar de toda a emoción do deporte coma se fose visto in situ, grazas á diferenciación que proporciona a tecnoloxía 4K combinada coa calidade da rede de R.

Deste xeito, e máis unha vez, R ofrece a mellor proposta de entretemento acercando os/as seus/súas clientes/as ao evento deportivo máis esperado do ano, consonte a súa estratexia de ofrecer sempre os contidos máis destacados do mercado audiovisual.

JUEGOS OLÍMPICOS
PARIS 2024



Sobre Agile TV

Ocio y Total TV compoñen o servizo de televisión que ofrece Agile Content prestado por OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U. e que poden contratar os/as clientes/as directamente ou a través dos operadores MASMOVIL, Yoigo, Guuk, Parlem, Euskaltel, **R**, Telecable, Virgin telco, RACCTel+ e Embou, entre outros. Presente en máis de 800.000 fogares, Agile TV é un dos primeiros provedores de televisión de pago en España e está entre os 30 principais de Europa. Ofrece unha solución de entretemento familiar e integral que combina TDT, canles Premium, aplicacións de terceiros e xogos, todo iso integrado nun mesmo lugar. Agile TV ofrece máis de 20.000 horas de contido a través de canles de gran recoñecemento como *Star*, *AXN*, *Warner TV*, *TCM*, *AXN Movies*, *Discovery*, *Disney Jr*, *National Geographic* ou *COSMO*, entre outras.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal